

FIXA_RSE

O BOLETÍN DO OBSERVATORIO GALEGO DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL



responsabilidade social empresarial

Consellería de Traballo e Benestar - outubro 2014— Nº 2

Contido:

<i>A comunicación da RSE</i>	2
<i>Emprego e Medio Ambiente: das 3R á economía circular</i>	4
<i>#Tendencias en RSE</i>	8
<i>O perfil da RSE: Marta Durán, Directora Asociación Novos Empresarios - AjeVigo</i>	10
<i>Conciliase en España?</i>	14



TWEETS DESTACADOS

#Conciliar a vida laboral e familiar é vital para os responsables de RRHH de grandes empresas.

En fase de execución o 80% dos proxectos de **#Coruña #Smart City** <http://ow.ly/CMntN>.

A Universidade de Vigo lanza o primeiro MBA oficial en Galicia que integra a **#RSE** na xestión empresarial.

EDITORIAL

Que significa ser responsable?

A responsabilidade é unha calidade omnipresente no discurso empresarial actual. Trátase de ser responsables, potencialo entre os grupos de interese e comunicalo ao mundo. Pero, que significa ser responsable?

Como empresa véñse falando moitos anos sobre como combinar a rendibilidade económica co respecto ambiental e coidando os aspectos sociais do traballo. No noso país algúns destes temas están máis maduros; pero aínda se pode avanzar. É necesario saír da "zona de confort" da RSE para avanzar significativamente, para que se produzan os cambios económicos e sociais que fagan posible un mellor

desenvolvemento económico.

Comunmente aceptado é o feito de que, no contexto actual, é necesario repensar as formas en que se traballa, como se produce, como nos comunicamos. Nunha época en que todo parece cuestionable, quizais sexa o momento de que se senten na mesma mesa axentes que ata o momento viñeran desenvolvendo a súa actividade de forma independente. Só así as palabras e as sinerxías permitirán que a sostibilidade se faga efectiva. As empresas poden dialogar co terceiro sector, para poñer en marcha accións que complementen a acción pública; esta debe priorizar a xestión de recursos en pro da eficiencia e

atender as novas demandas sociais. O consumidor, á súa vez, debe ser consciente do papel que ten como catalizador do cambio. Todo iso, sen a comunicación no seu sentido máis amplo, non poderá levarse a cabo.

O proverbio di que se se quere chegar rápido, se vaia só; e se se quere chegar lonxe, se vaia acompañado. Para lograr que a RSE sexa un camiño que leve a todos o máis lonxe posible, poñamos sobre a mesa todas as nosas enerxías e colaboremos, en favor da responsabilidade compartida.

Un saúdo,

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar
Xunta de Galicia

QUE FACER PARA MELLORAR A COMUNICACIÓN DA RSE?

Falar de comunicación en materia de responsabilidade social é moito máis que publicar informes sobre a base de modelos ou guías e colgalos nas webs corporativas.

Nos últimos anos, a tendencia seguiu esta primeira idea: as empresas apresúranse a publicar documentos con grandes volumes de información, de cifras e gráficos. Sen entrar en conflito con estas prácticas, cada vez máis os diferentes grupos de interese demandan ás empresas poder coñecer maior detalle da información que presentan, centrándose en aspectos que realmente lles implican e afectan. En definitiva, a materialidade e a comunicación foron encontrando as súas canles naturais.

Esta tendencia é xa unha realidade, e progresivamente a información preséntase de xeito disgregado, facéndoa máis dixerible e próxima.

Por estas razóns, e atendendo ao último informe publicado polo Observatorio de Responsabilidade Social Corporativa (de ámbito estatal), pódense destacar 10

puntos que se terán en conta á hora de achegar a información de xeito máis eficaz e transparente.

(Cabe aclarar que, se ben a análise realizada polo Observatorio se centra exclusivamente na información contida nas memorias de RSC das empresas do IBEX 35 e outros documentos elaborados polas empresas como mecanismos de información, xestión e rendición de contas, é posible extraer aspectos que poden ser de interese para o resto das empresas e organizacións)

“As tendencias na comunicación da RSE fan que esta sexa máis comprensible pola maior parte dos grupos de interese dunha organización”

10 ASPECTOS QUE SE DEBEN COIDAR NA NOTICIA DE INFORMACIÓN

1. Se se quere comunicar a imaxe real das empresas, deberíanse reflectir dun xeito máis fidedigno as súas actuacións en **todos os países nos que manteñen actividade**; de forma que a dimensión da noticia se axuste á realidade.
2. Malia as dificultades á hora de cuantificar o beneficio ambiental e social das súas actividades, hase de afondar máis en **contar o impacto ambiental e social deses países nos que actúa**. A tendencia debe ser a equiparar a madurez na noticia de información económica coa información ambiental e social.
3. A información relativa aos **riscos aos que os grupos de interese da organización están expostos** polas actividades e como esta os xestiona deben ser tidos máis en conta.
4. Para dar resposta ao punto anterior, débese prestar maior atención á **materialidade**. A recente versión da guía GRI incidía sobre este aspecto, e o

O Observatorio de Responsabilidade Social Corporativa (Observatorio de RSC) é unha organización sen ánimo de lucro que nace no ano 2004 da man de varias organizacións da sociedade civil co obxectivo de traballar no impulso da correcta aplicación da responsabilidade social corporativa (RSC).

Dende os seus inicios funciona como unha plataforma para a cooperación e investigación para potenciar a RSC nas empresas, de sensibilización e de seguimento das políticas públicas e as súas aplicacións prácticas.

Os socios do Observatorio de RSC son organizacións da sociedade civil cun amplo respaldo social que traballan pola transformación social: ONG, asociacións de consumo e sindicatos. Todas elas traballan en diferentes ámbitos da responsabilidade social e llexitiman co seu apoio a necesidade desta plataforma para o impulso da RSC na sociedade.

estudo do Observatorio de Responsabilidade Social Corporativa así o explicita: non se están a realizar de xeito correcto os estudos de materialidade, é dicir, que información é relevante dende unha perspectiva de responsabilidade social para todos os seus grupos de interese.

5. En relación ao primeiro punto, hase de afondar na comunicación de como as empresas poñen atención e aseguran o **cumprimento dos dereitos laborais en todos eses países nos que se opera** (facendo fincapé na forma na que se vivía e garante o dito cumprimento)

6. Un tema que foi gañando protagonismo na comunicación da RSE, e tendo en conta as informacións aparecidas nos últimos anos, é todo aquilo relacionado con **corrupción**. O que é desexable, e así o destaca o Observatorio, é que nun exercicio de transparencia e de rendición de contas coas que as empresas do IBEX35 din estar comprometidas, estas informen de xeito amplo e de forma transparente sobre estas cuestións.

7. **Continúase confundindo os termos responsabilidade social e acción social**. Este feito pon de manifesto a diferenza de discurso entre empresas e grupos de interese. De feito, en ocasións, as actividades filantrópicas non repercuten sobre as comunidades que máis soportan os impactos da empresa, polo que o alcance desas accións queda, en parte, desvirtuado.

8. Os documentos e a información que se subministra debe xerar un escenario real do ámbito da empresa. E como todo ámbito **presentará aspectos positivos, pero tamén negativos**.

A resposta a eses desafíos negativos e as accións que se poñan en marcha permitirán que a noticia de información sexa máis próxima e efectiva.

9. Non se deben descoidar as canles utilizadas. As demandas de información dos diferentes grupos son cada vez máis dinámicas, flexibles e complexas. O éxito da comunicación dependerá tamén de saber adaptarse a esa realidade: **novos formatos,**

novos discursos e vías de comunicación máis directas son aspectos que hai que coidar.

10. Por último, **convén non confundir acceso á información con acceso á documentación**. Con iso, as organizacións (especialmente as grandes empresas) deberían coidar a facilidade e trazabilidade da información que publican permitindo que o lector sexa capaz de obter a información que busca e non a que encontra.

Todos estes puntos resumen un obxectivo básico: xerar confianza nos grupos de interese, nos cidadáns en definitiva, cara ás empresas. Un valor que cada vez resulta máis complexo de xestionar, pero ao que todos coinciden en sinalar como un dos que máis interese espertan tanto en emisores coma en receptores. Confianza e respecto como principios básicos de toda comunicación responsable.



EMPREGO E MEDIO AMBIENTE: DAS "3R" (REDUCIR, RECICLAR E REUTILIZAR) Á ECONOMÍA CIRCULAR

A economía medrou nas últimas décadas baseándose nun modelo que agora está en interdicto. E a UE quiere impulsar un cambio, para que o novo modelo pase de usar-tirar ao usar-reutilizar. Esta nova economía, coñecida como economía circular, propugna unha nova forma de repensar os procesos de produción, facendo que dende o principio non se creen residuos, senón que estes formen parte de novo do ciclo produtivo, pechando o ciclo. En definitiva, alcanzar o coñecido residuo cero. Ademais dos beneficios ambientais que leva consigo, a parte positiva implica que este punto de vista innovador pode xerar novos nichos de emprego, por

diferentes motivos: pola substitución dalgúns empregos actuais existentes, pola redefinición doutros e pola aparición de novos nichos de emprego no mercado.

Para poder axudar a que estes obxectivos se convertan en accións, a UE desenvolve varias iniciativas ao alcance das empresas, como Edificios sustentables ou "**Acción verde para as pemes**". Este último plan materializa a idea de transformar os imperativos ambientais en novos nichos de actividade económica. Para iso preséntase unha serie de medidas propostas na escala europea e enfocadas ás pemes, co fin de axudarlles a explotar

as oportunidades económicas que ofrece a transición cara a unha economía verde, mellorando a eficacia dos recursos das pequenas e medianas empresas europeas, favorecendo o emprendemento verde, explotando as posibilidades de cadeas de valor máis sustentables e permitindo ás pemes que sexan sustentables acceder máis doadamente ao mercado.

**Toda a información sobre o programa de Acción verde para as pemes pode consultarse na [súa páxina web](#)*



**A ECONOMÍA CIRCULAR PROMOVE A IDEA DE "RESIDUO 0":
TODO RESIDUO PODE CONSTITUIR UNHA NOVA MATERIA PRIMA
NOUTRO PROCESO PRODUTIVO. PECHAR O CICLO.**



ACCIÓN REACCIÓN



responsabilidade social empresarial

CANDO A EMPRESA, INDEPENDENTEMENTE DO TAMAÑO E O SECTOR, COIDA O MEDIO SOCIAL, LABORAL E AMBIENTAL, CAUSA NO CONTORNO UN EFECTO POSITIVO. A RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL INTEGRA PEQUENAS ACCIÓNS COTIÁS QUE XERAN GRANDES BENEFICIOS PARA TODOS. A ACCIÓN PARA UNHA REACCIÓN POSITIVA.

[HTTP://RSE.XUNTA.ES/](http://rse.xunta.es/)

PUBLICADA A NOVA GUÍA SECTORIAL DE BOAS PRÁCTICAS PARA A IMPLANTACIÓN DE ACTUACIONES EN MATERIA DE RSE NA CADEA DE VALOR DA MADEIRA DE GALICIA

Na liña de proporcionar ferramentas gratuítas que faciliten a comprensión e integración da RSE, recentemente publicouse a [Guía de RSE para o sector da madeira](#).

Esta guía desenvólvese coa colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, e o Cluster da Madeira de Galicia.

Trátase dun documento que aspira a ser o referente sectorial no relativo á posta en marcha de actuacións responsables e estratéxicamente competitivas por parte das organizacións que forman parte deste sector en Galicia.

A nova publicación enmárcase dentro das accións impulsadas polo Plan Estratéxico Galego de Responsabilidade Social Empresarial 2012-2014 e continua a serie iniciada coas guías sectoriais de RSE nos sectores téxtil, conserveiro e da automoción.

Con esta guía, as empresas madeireiras e afíns, estratéxicas dentro da economía galega, adquirirán coñecementos para poñer en marcha proxectos e iniciativas de RSE.

O contido vértase a través de cinco capítulos, grazas aos cales se introducen conceptos básicos da RSE, diagnosticase a situación actual das empresas da cadea de valor da madeira en Galicia e móstranse diferentes ferramentas para a implantación da RSE nas empresas. Ademais, a guía complementase con experiencias relevantes do sector, a xeito de boas prácticas e inclúese un banco de recursos (páxinas web, guías técnicas, manuais de xestión...) no cal as persoas interesadas poden ampliar información sobre algún dos temas tratados na guía.

Con este traballo, a Xunta de Galicia aposta polo impulso de accións sustentables nas empresas da cadea de valor da madeira, acorde aos principios básicos da nova **Estratexia Forestal Europea**.



A Guía sectorial de boas prácticas para a implantación de actuacións en materia de RSE na cadea de valor da madeira de Galicia está dispoñible para a súa descarga gratuíta na web rse.xunta.es

NACE O "BANCO DE IDEAS RESPONSABLES"

Ao longo dos últimos anos, o **Observatorio Permanente sobre a Aplicación da Responsabilidade Social Empresarial nas Empresas Galegas** publica resultados sobre o coñecemento, grao de implantación e desenvolvemento da RSE en Galicia.

O **Banco de Ideas Responsables** supón avanzar e madurar o concepto desenvolvido ata o momento, a través da creación dun espazo aberto que aglutine non só eses datos, senón iniciativas que as empresas, entidades e organizacións galegas están a levar a cabo na materia.

Este banco, conforme vaia medrando e almacenando información, servirá de base de datos, aberta, ofrecendo a información de xeito que sexa accesible á cidadanía de forma segregada por áreas de coñecemento dentro da RSE: por categoría ou temáticas (*dereitos humanos, traballo e relacións laborais, medio, transparencia, cadea de valor responsable, consumo responsable, desenvolvemento da comunidade e conciliación laboral, persoal e familiar*), por palabra clave, por actor social

implicado, por recursos destinados, criterios de innovación, etc.

O Banco de Ideas Responsables é tamén un "catálogo" de boas prácticas en RSE en Galicia, un conxunto de accións que as organizacións comunican de forma voluntaria.

Este Banco de Ideas permite que todo cidadán interesado en saber que se fai por mellorar a sostibilidade en Galicia poida ter acceso e coñecer, de primeira man, as accións postas en marcha polo tecido empresarial e social de Galicia.

Ademais de mellorar os niveis de transparencia, o Banco de Ideas supón unha fonte de inspiración e motivación para que estas poidan ser replicadas e mellorar o alcance do beneficio.

A realización deste banco público de datos da RSE en Galicia permite incentivar as empresas a que promovan accións encamiñadas á consolidación da RSE.

SE TES UNHA IDEA
OU PROXECTO E
QUERES
COMPARTILO,
PODES ENCHER O
**FORMULARIO ON-
LINE** NO ESPAZO
DO **BANCO DE
IDEAS
RESPONSABLES**

#Tendencias en RSE

Na RSE, como en tantos ámbitos, existen certos temas que durante un período de tempo ocupan a maior parte de debates e conversacións (tanto físicas coma dixitais). Neste artigo debúllanse algunhas das tendencias que marcarán o desenvolvemento da RSE:

#DEREITOS HUMANOS

A recente elaboración do **Plan de empresa e dereitos humanos** é a visualización da esixencia comunitaria para que todos os Estados membros dispoñan de plans que apliquen os principios reitores sobre as empresas e os dereitos humanos.

Estes principios reitores concretan os tres piares do marco da ONU: "protexer, respectar e remediar". Estes piares son:

1. *A obriga do Estado de protexer de abusos os dereitos humanos por parte de terceiros, incluídas as empresas;*
2. *A responsabilidade empresarial de respectar os dereitos humanos; e*
3. *Un maior acceso á reparación, xudicial e extraxudicial, por parte das vítimas.*

Trátase dun plan que considera que *"a responsabilidade das empresas de respectar os dereitos humanos se aplica a todas as empresas independentemente do seu tamaño, sector, contexto operacional, propietario e estrutura así como, baixo a súa directa responsabilidade a toda a súa cadea de valor"*.

Cunha vixencia de tres anos, o resultado final do plan é obra das contribucións de diferentes organismos consultados: sector empresarial, sindicatos, terceiro sector, entidades de ensino e universidades, parlamentos, figuras como o valedor do pobo, etc.

Plans á parte, o certo é que as empresas deberán poñer máis atención aos temas relacionados coa garantía do respecto aos dereitos humanos e, o que é máis importante, poder ofrecer as evidencias do seu cumprimento.

#CADEA DE VALOR

Non se trata de que produces, tamén de como o produces. Esta afirmación, tan repetida en multitude de foros, adquire sentido cando as organizacións se preocupan, tamén, por todos os elos da cadea que lle permiten seguir en activo.

Unha boa relación con provedores, con clientes, entender as súas demandas e saber adecuarse a elas; pero tamén coñecer a todas as persoas traballadoras son, entre outros, aspectos que cada vez teñen un maior peso nas empresas. Non só porque sexa unha tendencia, senón porque o acceso á información é cada vez maior e máis rápido; polo que a cidadanía é coñecedora do mundo que rodea aos produtos e servizos que adquiren. Por iso están empezando a gañar en reputación positiva aquelas organizacións que coidan a súa cadea de valor, pónena de relevo e dana a coñecer; como vía para posicionarse. Unha cadea de valor comprometida será capaz de xerar maiores impactos positivos para o conxunto dos diferentes grupos de interese implicados nela.

#ECONOMÍA CIRCULAR

Ou verde, ou eficiente, ou calquera adxectivo que supoña un aproveitamento dos recursos e defenda a idea do residuo cero. Esta é a economía circular, unha tendencia que cada vez ten máis defensores.



#Tendencias en RSE

A propia Axencia Europea de Medio (AEMA), afirma que Europa pode crear novos postos de traballo e estimular a innovación mediante un uso moito máis eficiente dos recursos.

A economía circular está en crecemento, axudada pola crise existente. Unha filosofía que debe facerse factible para poder lograr mellores resultados na reciclaxe e reutilización dos recursos que se consumen. Unha aplicación máis estrita dos parámetros que defende a economía circular permitirá alcanzar os obxectivos ambientais marcados tanto por gobernos como por empresas e demais organizacións. Unha economía que conecta industrias, vendedores, clientes e usuarios, xestores, revalorizadores e deseñadores baixo unha mesma mirada, máis integradores, e respectuosa co medio.

Para que a economía circular remate por desenvolverse como un novo modelo económico é necesaria a innovación, entendida como o motor que impulse a adopción de novas estratexias, novas tecnoloxías e novas formas de pensamento no que ao desenvolvemento económico e sostibilidade se refire.

#ENERXÍA

E non só pola súa utilización cada vez máis eficiente, senón tamén porque a ONU declarou 2015 como o Ano Internacional da Luz e Tecnoloxías Baseadas na Luz.

Ademais de concienciar sobre a importancia da luz na ciencia, con esta designación, a Asemblea Xeral quere recoñecer o papel que ocupa a enerxía no día a día de toda a cidadanía. Para iso vaise poñer en marcha toda unha serie de iniciativas de diferente índole, encamiñadas a impulsar diferentes obxectivos, entre os que se encontran a promoción sobre "a importancia da tecnoloxía de iluminación no desenvolvemento sustentable e na mellora da calidade de vida nos países en vías de desenvolvemento".

En España, a través do Instituto de Óptica do CSIC é posible coñecer todas as novidades e actividades relacionadas co Ano Internacional da Luz e das Tecnoloxías Baseadas na luz (<http://www.luz2015.es/>)



INTERNATIONAL
YEAR OF LIGHT
2015

#COMUNICACIÓN

Unha das necesidades máis crecentes en materia de RSE é lograr que o discurso, máis ou menos coñecido no ámbito empresarial, logre chegar á maior parte da poboación, ao cidadán da pé. Para conseguir que a RSE sexa rendible para as empresas, é necesario que toda a información e coñecemento traspase a fronteira dos foros e debates habituais; de forma que ao cidadán de pé e consumidor cada vez sexa máis consciente das implicacións da súa elección sobre un produto ou servizo.

#CREAR MERCADOS NOVOS DE FORMA SUSTENTABLE

Trátase de ser conscientes de que o modelo actual está cambiando; pásase dun modelo no que as empresas eran unicamente consumidoras de recursos a outro en que, ademais, son creadoras do mercado. Trátase de que as empresas, especialmente as máis poderosas, se comprometan de forma real en potenciar novos mercados de forma sustentable. Para iso hase de garantir un dereito ao desenvolvemento por igual eliminando barreiras propias dos novos mercados (man de obra pouco cualificada, consumo insustentable de recursos, ou corrupción).



O perfil da RSE: Marta Durán, directora Asociación Novos Empresarios- AjeVigo

Para empezar, e para os que non teñan unha imaxe de como se estrutura, cal é o panorama do sector empresarial novo?

Actualmente en Galicia existe polo menos unha Asociación de Novos Empresarios por cada provincia e todas nós estamos integradas en FEGAXE. Entre todas as asociacións aglutinamos unhas 1200 empresas de diversos sectores. En AjeVigo, na actualidade, representamos 300 empresas de Vigo e a súa área de influencia.

Hoxe en día hai un "boom" do emprendemento, multitude de iniciativas e propostas para iniciar e desenvolver a túa empresa e, neste contexto, creo que as asociacións de mozos empresarios cumprimos un labor social moi importante para axudar e apoiar os empresarios e emprendedores, sobre todo en levar os seus proxectos adiante e desenvolver oportunidades de negocio a través de múltiples actividades de networking.

É Galicia un territorio de emprendeduría, de inquietudes no que a creación de empresas se refire?

Sen dúbida éo. Cada vez son máis as persoas que dan o salto para sacar adiante o seu proxecto e cada vez máis iniciativas apoian os emprendedores. En AJE Vigo atendemos máis de 500 persoas, en oito meses, que solicitan información e apoio para iniciar o seu proxecto empresarial; isto é sen dúbida un bo indicador da inquietude para a creación de empresas.

Dende AJE apóiase activamente a todas aquelas persoas con ideas e inquietudes empresariais. Que tipos de empresas son as que máis se están creando nos últimos anos?

O sector no que máis creación de empresas hai é o sector TIC, no que inflúe ademais de que fai falta menos investimento inicial, o mercado é moi amplo, os investidores buscan este tipo de proxectos e supoñen proxectos globais dende o seu inicio (non suxeitos ao localismo)



*Marta Durán,
directora Asociación Novos
Empresarios - AjeVigo*

"Hoxe en día hai un "boom" do emprendemento, multitude de iniciativas e propostas para iniciar e desenvolver a túa empresa e, neste contexto, creo que as asociacións de mozos empresarios cumprimos un labor social moi importante "

Sobre a base do seu criterio, que define unha empresa responsable dunha que non o é

Para min unha das claves da responsabilidade corporativa é **integrala na cadea de valor**; se non forma parte dos seus procesos operativos e está totalmente integrada na cadea da empresa, convértese nun conxunto de "accións puntuais de cara á galería" e/ou unha declaración de intencións politicamente correcta, e iso dista moito de ser unha empresa responsable.

A nivel xeral, Considera que hai un bo nivel de responsabilidade no empresariado mozo galego?

A nivel xeral creo que o mesmo ca no resto de España, con dificultades para a súa implantación. Non se pode obviar que a día de hoxe cambiaron os parámetros cos que deben actuar as empresas; non só deben ser sustentables economicamente e achegar valor económico, senón tamén deben ser sustentables e achegar valor á sociedade na que operan. Igual que tampouco se pode obviar que aínda estamos lonxe dos niveis desexables de implantación desta achega non só económica senón tamén social. As grandes compañías cada vez son máis conscientes diso e hai iniciativas desenvolvidas moi interesantes e sostidas dende hai anos, pero nas pemes resulta máis difícil a súa implantación, sobre todo porque aínda "non calou" na cultura empresarial estes novos parámetros. Novas variables para desenvolver unha empresa, facela crecer e

O perfil da RSE

posicionala no mercado cambiaron e cada vez o sector empresarial é máis consciente diso; pero aínda hai moito percorrido por facer.

Nun contexto como o actual, como pode axudar a RSE ás empresas a saír adiante, a mellorar a súa situación?

Máis alá do enfoque máis inicial da RSE (xestión dos riscos non financeiros da empresa), a RSE está en constante evolución, ao igual que o fai o resto da sociedade.

Creo que un aspecto clave que achega hoxe a RSE é a oportunidade de engadir valor á túa empresa e ampliar o impacto desta.

Nun ámbito global como no que nos manexamos, apoiándonos nas novas tecnoloxías, a RSE achega hoxe a posibilidade de non só minimizar os riscos non financeiros e impactos, senón de crear e achegar valor conxuntamente con outros axentes da sociedade (tanto públicos coma privados) e é unha oportunidade para crear valor compartido, para xerar sinerxías e desenvolver oportunidades que se multiplican a medida que as utilizamos.

Unha empresa que non se apoie noutros axentes do ámbito, xere sinerxías con eles, vincule os seus procesos máis alá dos resultados económicos, na actualidade está perdendo potencial mercado e no futuro será máis difícil que se manteña porque o mercado lle esixe máis.

Se todo o mundo coincide en que a RSE pode axudar a mellorar os resultados das empresas, que lle diría a aquel empresariado máis remiso a adoptar este enfoque nas súas organizacións?

Que pensen no contexto no que operan e pretenden medrar. É un mundo global, onde es e te posicionas non polo que fas, senón por como o fas e o comunicas. Se non integran e operativizan a responsabilidade na súa empresa, están perdendo a oportunidade de xerar valor a para a súa empresa, para o sector no que operan e para o ámbito-cliente. Deixan de lado un potencial que teñen como axente de motor da economía e, polo tanto, da sociedade e os seus clientes.

Da cantidade de temáticas que se considera cobre o paraugas da RSE, que aspectos considera que están menos maduros, que teñen aínda un importante percorrido por diante, ou que son máis críticos?

Creo que a RSE está en plena evolución e case que iniciándose no ámbito empresarial, sendo as grandes compañías as que van por diante neste sentido. A gran materia pendente non é tanto unha temática, senón que a RSE forme parte innata da creación de empresas; que cando unha persoa decida iniciar unha aventura empresarial o faga integrando a RSE no seu modelo de negocio como algo natural.

(segue)

“A RSE achega hoxe a posibilidade de non só minimizar os riscos non financeiros e impactos, senón de crear e achegar valor conxuntamente con outros axentes da sociedade (tanto públicos coma privados) e é unha oportunidade para crear valor compartido”

O perfil da RSE: Marta Durán, directora Asociación Novos Empresarios- AjeVigo

Particularmente creo que un aspecto chave das empresas son as **persoas**, polo que considero que as políticas e actuacións dirixidas a persoas son as que achegan moito valor e son especialmente delicadas.

E non só pensando nas persoas que forman parte da organización, senón tamén no seu ámbito, na sociedade no seu conxunto.

Cada vez hai máis desigualdade nas sociedades, en España está a aumentar perigosamente; se unha empresa ten un impacto en corrixir estas desigualdades, tanto a nivel interno como externo, sen dúbida o contexto no que poderá desenvolver o seu negocio será máis positivo e propiciará o aumento dos bos resultados da empresa.

Ademais das financeiras, que tipo de ferramentas permitirían ás empresas ser máis competitivas e mellorar os seus resultados?

Creo que unha das ferramentas máis potentes actualmente é a comunicación, tanto on como offline. A transparencia e a comunicación hoxe son claves para as empresas, para posicionarse e diferenciarse dos seus competidores.

Efectivamente, un dos comentarios máis sentidos acerca desta crise é que, sobre todo, foi unha crise de valores. Como poden axudar as empresas a que esta percepción cambie, a que a cidadanía perciba que as cousas se poden facer dun xeito mellor?

O camiño demóstrase andando, non hai máis. A crise de valores está cambiando as sociedades no seu conxunto, da que forman parte tamén as empresas.

Estas tamén deben (e están) cambiando as súas formas de facer, xa que os anteriores parámetros nos que se movían xa non funcionarán no futuro. Xa non te diferenzas polo que es e fas, senón por como o fas e como o comunicas; e aí está a clave da RSE, os teus valores e como os trasladas á organización empresarial.

Para rematar, e a xeito de conclusión, que oportunidades pode aproveitar unha empresa nova, unha Start'Up ou unha peme, que desexa integrar a RSE na súa cadea de valor?

Co que evolucionou e a cantidade de información que hoxe existe, a grande oportunidade é que á hora de crear a súa empresa e desenvolve-la, dende o momento mesmo do seu deseño, ese momento no que escribe no papel a súa idea e como a vai converter en empresa, que pense, ao igual que o fai con outros aspectos clave como son financiadores, socios, etc. que pense e plasme o seu modo de facer as cousas como unha empresa responsable. Dende o mesmo nacemento da súa idea.

"A
transparencia
e a
comunicación
hoxe son
claves para as
empresas,
para
posicionarse e
diferenciarse
dos seus
competidores"



Xunta
PRO RSE

**A FERRAMENTA PARA FACILITAR A XESTIÓN DA
RESPONSABILIDADE SOCIAL EMPRESARIAL
POLAS EMPRESAS GALEGAS**

Descárgaa gratuitamente en rse.xunta.es

CONCÍLIASE EN ESPAÑA?

Ao longo de 2014 estanse levando a cabo diferentes actividades que veñen a materializar a súa elección 2014 como **Ano Europeo para a Conciliación Familiar e Laboral**.

Coa decisión do Parlamento Europeoponse o punto de atención sobre unha materia de tanta implicación na vida diaria. E con iso saen á luz puntos fortes e débiles por igual. A pregunta que cabe facerse, chegados a este punto e con todas as experiencias que se veñen implantando de RSE, é concíliase en España?

Dous estudos recentes afondan sobre o asunto, incidindo en aspectos que invitan a reflexionar sobre como se pode avanzar en conciliación no país. O primeiro deles é o estudo levado a cabo pola Fundación [Pfizer sobre Conciliación e familia](#). A través de 1.500 entrevistas, o estudo conclúe que **un 30% da poboación activa española declara ter problemas para conciliar a súa vida persoal e profesional**. As razóns máis argumentadas son a escasa **flexibilidade de horarios** e as **xornadas laborais excesivamente longas**.

Un dato curioso que pon de manifesto este estudo é que, ao ser preguntadas, son as mulleres as que declaran que teñen menos problemas de conciliación que os homes.

En cambio, os cidadáns recoñecen que os problemas de conciliación afecta máis as mulleres ca os homes. Sexa como for, a metade das nais participantes declara que a maternidade afecta negativamente a súa traxectoria laboral, fronte ao 16% de país que son consultados nos mesmos termos.

É significativo que, á hora de decidir que axentes son os responsables de facilitar a conciliación, o 25% declara que as empresas, fronte a case o 40% que afirma que son as administracións públicas. Hai tempo que se debate sobre a necesidade de adecuar os horarios españois aos do resto de Europa como vía para facilitar a conciliación. Pois ben, de entre 10 medidas valoradas para facilitar a conciliación, o cambio de horarios cotiáns ao estilo europeo obtén a menor valoración por parte das persoas enquisadas.

O segundo dos estudos é o que elaborou o Instituto Internacional de Ciencias Políticas, cuxa segunda edición analiza tamén a "Situación da conciliación en España". Neste caso, analizouse o estado das empresas que operan en España dende o punto de vista da conciliación.

Segundo o Instituto, tallante, a maioría das medidas tomadas actualmente no mundo laboral para favorecer a conciliación **entre vida privada e traballo "afastan a muller do mundo do traballo"**. Sobre a base dos datos que achega o estudo, do total das mulleres empregadas, un 62% optan a unhas xornadas reducidas, mentres que os homes o fan nun 7.2%.

Unha cifra que destaca sobre as demais é a que afirma que o 97,70% das mulleres teñen un contrato a tempo parcial para poder simultanear o traballo co coidado de persoas dependentes e obrigas familiares, fronte ao 2,30% dos homes. En ambos os dous casos, con maior ou menor grao de desequilibrio, ambos os dous estudos coinciden en que a corresponsabilidade non está no seu óptimo nivel, nin no ámbito laboral nin no persoal.



Ante este escenario cabe preguntarse que medidas se proponen como máis necesarias?

A título particular, entre as máis valoradas por parte das persoas enquisadas no estudo de Pfizer, destacan como eficaces o outorgamento de permiso de maternidade dun ano, con readmisión na empresa, seguido de ampliar as axudas públicas para gardarías e unha maior coordinación entre os horarios dos centros escolares cos laborais dos proxenitores. A implantación do teletraballo ou a promoción das baixas compartidas por maternidade e paternidade son outras das medidas con mellor aceptación na enquisa.

Accións desexadas á parte, a realidade das empresas é que non todas aplican por igual as recomendacións de expertos e administracións. Se ben o mínimo legal esixible se cumpre, o certo é que se pon de relevo a ampla marxe existente e a disparidade en canto á implantación de medidas de conciliación se refire.

Como noutros ámbitos, aplicar a innovación, a creatividade e o consenso eríxense como os mecanismos máis válidos para que a conciliación sexa máis amigable para os traballadores que a integran. As empresas que aplican un enfoque estratéxico á responsabilidade social demostran que en materia de conciliación son máis efectivas. Igualar os dereitos de paternidade e maternidade, aplicación da xornada continua, desenvolver plans de traballo a tempo parcial ou realizar un seguimento estrito da conciliación dos traballadores en cada empresa podería axudar a que as cifras anteriormente mencionadas mellorasen.

Para todo iso ha de servir que 2014 sexa o ano da conciliación, para lograr que se debata abertamente sobre o tema e se alcancen acordos que beneficien a todos, para avaliar o acontecido ata o momento e poder crear accións que melloren o futuro próximo e, en definitiva, para que a conciliación sexa un motor tanto da produtividade como da calidade de vida.

**Recorda que tes ao teu alcance diversas ferramentas que a Xunta de Galicia pon a disposición da cidadanía en materia de conciliación e igualdade: axudas á conciliación da vida familiar e laboral como medida de fomento da corresponsabilidade para os traballadores que se acollan á redución da súa xornada de traballo, a liña e o programa específico da Consellería de Traballo e Benestar de axudas á conciliación, axudas da Secretaría de Igualdade (como o Programa Emega de subvencións para o apoio ao emprendemento feminino) ou o "servizo de gardaría", entre outros.*



Iniciativa destacada: Xunta Pro-RSE agora con G4



Lanzada hai uns meses, a ferramenta gratuíta **XUNTA PRO-RSE** permite integrar as variables da responsabilidade social empresarial (RSE) nas pemes. Dunha forma sinxela, as empresas usuarias adaptan as áreas que inclúe a RSE, facilitando o seu avance respecto aos principais estándares e esquemas internacionais en materia de RSE e sostibilidade.

Coa vista posta nos novos marcos de referencia, **XUNTA PRO-RSE actualízase**, de forma que as empresas que o desexen poderán realizar o seguimento da RSE e elaborar os documentos **sobre a base da nova versión G4 de Global Reporting Initiative (GRI)**.

Non obstante, manterase a compatibilidade con 3.1 ata a súa validez por GRI, de forma que se poderá elixir a versión coa que se quere reportar a información en materia de sostibilidade.

GRI definiu un prazo de dous anos para a transición cara á nova versión de GRI, polo que a partir do ano 2016 as organizacións queiran utilizar este estándar deberán basearse unicamente na nova versión.

Por que dar o salto a G4? Entre outros cambios, a nova edición da guía incide na necesidade de informar sobre aqueles aspectos que realmente son de interese para os grupos con que interacciona a peme (concepto de materialidade). G4 tamén amplía o contido relacionado con temas de bo goberno, ética e integridade. Intégrase toda a cadea de valor no concepto de reporting, polo que os impactos a ter son máis exhaustivos e completos. A nova versión está en liña con outros estándares internacionais (OCDE, Pacto Mundial, Marco da ONU para Empresa e Dereitos Humanos, etc.) **O máis aconsellable é realizar un cambio gradual e progresivo, polo que a convivencia da versión G3.1 e G4 en Xunta Pro-RSE será de grande utilidade nesta transición.**



XUNTA PRO-RSE permite ás empresas usuarias a construción dun cadro de indicadores de RSE das súas actividades, ademais de recoller as políticas e os compromisos que a empresa adquira, en consonancia co apoio que dende a Xunta de Galicia lle dá ás empresas que implantan sistemas ou ferramentas de xestión da RSE establecidos ou recoñecidos polas iniciativas ou estándares internacionais.

XUNTA PRO-RSE estrutúrase en tres áreas funcionais que abranguen todo o proceso de xestión da RSE: autodiagnóstico, xestión de indicadores e elaboración de informes, polo que as organizacións que aposten polo seu uso poderán ter unha visión completa de como avanzar no camiño da RSE.